



MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o trece de maio de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

19/330 CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2015. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 7 de maio de 2015 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I. Prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de roza en pistas de diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo elaborado polo Enxeñeiro municipal da zona rural co conforme do Concelleiro de Infraestruturas e Zona Rural do 10 de febreiro de 2015

II. Certificado de Tesourería Municipal de data 20 de febreiro de 2015 no que se fai constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria 45910.21000 do vixente Orzamento Xeral (RC 14176)

III.- Informe do enxeñeiro municipal de data 1 de abril de 2015 xustificativo do prezo de licitación fixado no prego técnico e da ausencia dunha planificación xeográfica ou por zonas dos traballos

IV. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de referencia e correspondente informe proposta elaborado polo Servizo de Contratación do Concello con data 1 de abril de 2015


V.- Informe favorable da Asesoría Xurídica Municipal do 16 de abril de 2015

VI.- Informe de Intervención ref. 163/2015, do 4 de maio de 2015, polo que se devolve o expediente ó Servizo proponente para os efectos de completar e clarificar unha serie de cuestións, entre outras, a determinación do prezo de licitación do contrato, a calidade do servizo prestada ata agora e a conveniencia de realizar unha programación de zonas concretas de actuación.

VII.- Informe do Servizo de Enxeñería do 7 de maio de 2015 en contestación ó informado pola Intervención Municipal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 do TRLCSP serían aqueles “cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración”. O presente contrato ten por obxecto a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2015

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén , con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138 e seguintes do TRLCSP.

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP xa que só se valora a baixa no prezo.

Terceira.- Á vista do informe da Intervención Municipal de data 4 de maio de 2015 (ref. 163/2015) emítese informe por parte do enxeñeiro don Alberto Cardama que é do seguinte teor literal:

‘ En referencia ás observacións contidas no informe de Intervención de data 4 de maio de 2015, entregado ao Servizo de Enxeñería con data 7 de maio de 2015, relativo á contratación dun servizo de roza de pistas en diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo durante o ano 2015, infórmase o seguinte:

No relativo á calidade do servizo non se considera que os traballos realizados en anos pasados tivesen unha calidade insuficiente. A calidade de ditos traballos é válida.

*O motivo de incrementar o prezo de partida (que non implica necesariamente incrementar o prezo de adxudicación) radica na procura da excelencia no traballo de desbroce a realizar. En **algunhas zonas concretas, para que o resultado sexa perfecto faise necesario realizar máis dunha pasada do tractor, podendo chegar a ser necesarias tres pasadas para acadar un resultado óptimo.** Esta procura da excelencia supón un incremento no custo, polo que estimamos prudente aumentar o prezo de partida.*



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refº: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

No que se refire á orde de actuación nas pistas, para efectos orientativos, pódese indicar a orde seguida **durante o ano 2014:**

PIÁS
MONTE DE MEDA
COESSES
SOÑAR
SAA
TORIBLE
PRÓGALO
PIÚGOS
MEILÁN
CASTRO
PENA
BOCAMAOS
OMBREIRO
ADAI
OUTEIRO
CAMOIRA
O BURGO
LAMAS
SANTA COMBA
RECIMIL
ANXOS (San Mamede)
COEO
BÓVEDA - STA. MARÍA
TEIXEIRO
SAN ROMÁN
ESPERANTE
S. XOÁN DO ALTO
ORBAZAI
STA. MARÍA ALTA
BACURÍN
BÓVEDA - SANTALLA
VILACHÁ DE MERA
POUTOMILLOS
NERA
CALDE
VERAL
SAN XOÁN DO CAMPO - FIXÓS
CUINA
RIBAS DO MIÑO
PIÑEIRO



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: 4wdDW4tRKgWVhZ8k+dCCQ==

SINATURAS

JOSÉ CLEMENTE LOPEZ OROZCO - ALCALDE - CONCELLO DE LUGO


MARÍA CARMEN BASADRE VÁZQUEZ - TENENTE DE ALCALDE - AREA
DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA

PAXINA: 3 / 27

DATAS(UTC)

15/05/2015 08:58:53

15/05/2015 08:58:52



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

CARBALLIDO
PEDREDA
RUBIÁS
LABIO
GONDAR
BASCUAS
ROMEÁN
BENADE
BAZAR

É canto cabe informar'

Cómpre salientar que ó mesmo que en anos pasados o enxeñeiro municipal redactor do prego técnico non establece ámbitos de actuación das pistas. Sobre esta cuestión indicaba a dificultade de concreción a priori dun ámbito de actuación tendo en conta factores de priorización das pistas sobre as que actuar (climatoloxía, estado de conservación das pistas, etc.) non obstante e á vista da necesidade de aclaración desta cuestión por parte da Intervención, o Enxeñeiro municipal informa da relación de zonas sobre as que se actuou que en todo caso ten carácter orientativo.

Cuarta.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS), que preside a sesión (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARIA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS); e a Ilma. Sra. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Desenvolvemento Local (GMS), **ACORDA:**



PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2015.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas que rexerán na licitación de referencia, sendo o teor literal o seguinte:

A) "PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2015.-"

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a realización de traballos de desbroce de pistas de diversas parroquias do termo municipal de Lugo durante o ano 2015 , todo elo de acordo coas condicións técnicas elaboradas polo enxeñeiro municipal da Concellería de Infraestructuras e Medio Rural .

Con este contrato satisfácese a necesidade de eliminar a invasión de vexetacion nas pistas de titularidade municipal así como dar cumprimento á obriga de mantemento e conservacion delas e das condicións de seguridade vial na circulación.

CNAE 2009: 43.12 Preparacion de terreos


CPV: 50200000-7 Servizos de reparación, mantemento e servizos asociados relacionados con aeronaves, vías férreas e carreteras.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de servizos recollido e regulado no artigo 10 do TRLCSP que ten por obxecto prestación do servizo de desbroce de pistas de diversas parroquias do termo municipal de Lugo durante o ano 2015, todo elo de acordo coas condicións técnicas polo enxeñeiro municipal da Concellería de Infraestructuras e Medio Rural .

Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

O prazo de execución do contrato terá lugar entre o 15 de xuño e o 11 de setembro de 2015.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO.VALOR ESTIMADO

4.1 Para a determinación do prezo estimado do contrato, establécese como compoñente básico da prestación o metro lineal de pista efectivamente desbrozado en ámbas marxes segundo se indica no parágrafo seguinte.

O prezo por quilómetro de desbroce é de 150 €/quilómetro máis o 21% IVE (31,50 euros) resultando un total de **181,50 euros/quilómetro IVE incluído**.

O número estimado máximo de quilómetros a desbrozar son 700.

En consecuencia o **valor estimado do contrato ascende á cantidade de 105.000 euros IVE excluído**. O orzamento máximo do contrato é de **127.050 euros IVE (21%) incluído**.

Esta estimación de quilómetros fixase exclusivamente a efectos de consignación orzamentaria polo que a empresa adxudicataria en ningún caso teña dereito o ó aboamento da totalidade dos quilómetros previstos senón só ós efectivamente desbrozados ó abeiro deste contrato.

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación presupostaria 45910.21000 do vixente Orzamento (RC 14176)

4.2.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servizos, taxas e toda clase de tributos, en especial o IVE, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR. COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS MATERIAIS

Este contrato adxudicarase polo **procedemento aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan



plena capacidade de obrar, non estean incursoas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

De conformidade co artigo 64 do TRLCSP esixese que os licitadores presenten o **compromiso de adscribir á execución do contrato obrigatoriamente os medios materiais esixidos nos pregos de prescricións técnicas (apartado quinto)** , isto é, dispoñer dun mínimo de OITO (8) tractores de dobre tracción e potencia non inferior a 90 CV en bó estado de conservación, dotados de máquina de brazo ou combinada braxo-terra e elementos de sinalización e seguridade regulamentarios.

Estes compromisos de adscripción de medios materiais presentaranse mediante declaración conforme o modelo do ANEXO IV que se incluírá dentro do sobre A

Este compromiso configúrase como unha **obriga contractual esencial** do contrato ós efectos do artigo 223 do TRLCSP.


No caso de que fose preciso a substitución dos tractores comprometido os novos deberá cumprir os requisitos esixidos.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.-A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A **solvencia técnica** deberá ser xustificada mediante a presentación dunha **relación dos principais servizos ou traballos que deberán ser análogos ao obxecto deste contrato e realizados nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, deles**. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

SÉTIMA. GARANTÍAS

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.



O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)
O prazo de presentación de proposicións será de **quince días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en dous sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e letra B, OFERTA ECONÓMICA

Para facilitar o rexistro das plicas presentadas polas empresas licitadores, nos ditos sobres A e B identificarase de modo claro a REFERENCIA DO EXPEDIENTE que coincidirá co número do acordo da Xunta de Goberno Local ou do órgano municipal que aprobe o expediente de contratación e que se indicará no anuncio de licitación e no perfil do contratante

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día ao número de fax indicado no anuncio de licitación (982 297259). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA O SOBRE DENOMINADO A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI


b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios/as do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (10,20 euros aprox).

3.- Declaración responsable (Anexo II) do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da cesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores



e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO I deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO III) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- **Compromiso de adscrición dos medios persoais e materiais** esixidos no prego de prescricións técnicas asinado polo licitador conforme o modelo do **ANEXO IV**

7.- **Declaración responsable da non existencia de empresas vinculadas** co licitador ou, se é o caso, da relación de empresas vinculadas con el, en cumprimento do preceptuado no artigo 145 do TRLCSP (conforme modelo do **ANEXO V** que se incluír dentro do sobre A)

8.- **No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:**

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

demonstracion pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participacion de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de cotrnatos suxeitos a regulación harmonizada en relacion coas emrpesas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

O sobre A non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que éstos acadarían en base ós criterios do Sobre B. O incumprimento de esta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adjudicación.

O SOBRE B, OFERTA ECONÓMICA , conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación do **SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2015**

b) Propón como **prezo do contrato** a seguinte cantidade:

- Prezo por quilómetro: euros.

- IVE (21%): euros.

- TOTAL: euros, IVE incluído.

(As cantidades consignaranse en letra e número e se sinalará o que proceda, se é o caso)

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adjudicatario, se é o caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)



DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTA: Sra Concelleira Delegada da Area de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

VOCAIS:

- O Concelleiro Delegado de Infraestructuras e Zona Rural.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto de apertura dos sobres B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil.

O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios para a adxudicación do contrato serán unicamente a OFERTA ECONÓMICA ata 10 puntos.


Valorarse neste apartado o prezo unitario por quilómetro de desbroce. Obterá a máxima puntuación a proposición da empresa que oferte o prezo/ quilómetro mais baixo. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que oferten o prezo de licitación (181,50 euros por quilómetro) e as restantes avaliaranse de xeito proporcional.

Consideraranse anormais ou desproporcionadas as ofertas que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

Os efectos da apreciación de ofertas temerarias ou desproporcionadas aplicarase o disposto no artigo 86 do RD 1098/2001 de 12 de outubro para o caso de presentación de ofertas por empresas pertencentes a un mesmo grupo.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a certificación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

Dentro deste prazo de dez días hábiles deberá presentar a **documentación xustificativa que permita acreditar a disposición efectiva dos medios materiais que se comprometeu a adscribir** para a execución do contrato, para isto deberá xuntar a correspondentes fichas técnicas dos tractores que permitan comprobar as características técnicas esixidas e fotografías recentes dos ditos vehículos.

De non cumplimentarse axeitadamente estes requirimentos no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

De non cumplimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houberse esixido.



Antes da formalización do contrato a empresa adjudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (enxeñeiro municipal de zona rural ou o que se designe ó efecto), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

O responsable do contrato velará pola axeitada xestión contractual de modo que na súa execución non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores. En concreto velará porque:

- O contratista achegue a súa propia dirección e xestión ao contrato e sexa responsable da organización do servizo
- O contratista a través dos seus delegados se responsabilice de impartir ós traballadores adscritos a este contrato as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de modo que o Concello de Lugo sexa alleo a estas relacións laborais
- O contratista canalice a través dos seus delegados as posibles incidencias de cara a prestar adecuadamente o servizo.

O responsable municipal do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infracción das anteditas regras proponendo se é o caso o oportuno expediente sancionados ou de resolución do contrato.


2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adjudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adjudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP.

5.- O contratista achega a súa propia dirección e xestión ao contrato sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve a das prestacións e servizos realizados.

A empresa contratista disporá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios e directrices de realización de traballo.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

A empresa contratista **designará un coordinador/a** que se encargará da dirección e organización da actividade dos traballadores da empresa adscritos á execución deste contrato así como do control da vixianza do horario e xornada de traballo deles correspondéndolle á empresa a concesión de licenzas, horarios, permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador sendo o Concello de Lugo de todo alleo a estas relacións laborais. En todo caso o servizo quedará sempre convenientemente cuberto.

Corresponde exclusivamente a este delegado relacionarse co responsable municipal do contrato a efectos de coordinación e seguemento do contrato. A través deste delegado canalizaranse as posibles incidencias que se detecten por parte do responsable municipal.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGA CONTRACTUAL ESENCIAL

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

-O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.



2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontracte todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

Ós efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta clausula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.


A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria-que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP en relación coa subcontractación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades distintas do obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformada polo responsable do contrato, o Concelleiro Delegado de Infraestructuras e Zona Rural e maila Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

O contratista xuntará con cada factura o documento que acredite o número e ubicación de quilómetros desbrozados.

Se as facturas son de importe igual ou inferior a 5.000 euros poderá presentarse en formato papel ante un rexistro administrativo dos sinalados na Lei 30/1992 no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo e dirixidos ó excmo. Concello de Lugo.

Se a factura é de importe superior a 5.000 euros estas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo

Organo Xestor: LA0005486 – Infraestructuras e Medio Rural

Unidade Tramitadora: LA0005552. Zona Rural

VIXÉSIMA.- PENALIDADES.

Impoñeranse penalidades ó contratista cando incurra nalgunha das causas previstas no prezo de prescricións técnicas (faltas leves, graves e moi graves)

Ademáis podránse impoñer penalidades polo incumprimento das obrigas contractuais esenciais establecidos neste prego (cláusula décimosétima). Neste suposto a súa contía será un 1% do prezo total adxudicación do contrato (IVE incluído), agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.



As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescripcóns técnicas en particular o incumprimento da obriga de dipoñer durante todo o prazo de execución do contrato dos medios materiais esixidos.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula quinta e décimo sétima destes pregos.

Asimesmo poderá dar lugar á resolución do contrato a comisión das infraccións graves e/ou moi graves sinaladas no prego de prescripcóns técnicas

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXESIMA PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratacion por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	



PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**
 * Xuntar a acta de Constitución.

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**
 Nome e Apelidos:
 Cargo:

NOME EMPRESARIO: **SELO DA EMPRESA**
D.N.I.:
FIRMA:
DATA:

**ANEXO II
 MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa.....en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DO SERVIZO**

DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO 2015, declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o asistente desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescripcíons Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de 2015
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DO SERVIZO**

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO 2015 declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Registro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2015

Asdo:

ANEXO IV

COMPROMISO DE ADSCRIPCION DE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa.....en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2015 comprométome a adscribir á execución do contrato os medios materias esixidos na cláusula quinta do prego de prescripcions técnicas, esto é, dun mínimo de OITO (8) tractores de dobre tracción e potencia non inferior a 90 CV en bó estado de conservación, dotados de máquina de brazo ou combinada braxo-terrera e elementos de sinalización e seguridade regulamentarios.**

En, a de de 2015

Asdo:

ANEXO V

MODELO DE DECLARACIÓN DE EMPRESAS VINCULADAS.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no

Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2015** en cumprimento do establecido no artigo 145 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Tefundido da Lei de Contratos do Sector Público
DECLARO:

Opción A: Que non existen empresas vinculadas coa empresa oferente.

Opción B: Que son empresas vinculadas coa empresa oferente as incluídas na relación que se xunta, sen que exista ningunha outra empresa na que concorran os requisitos sinalados no dito precepto legal.

RELACIÓN EMPRESAS VINCULADAS COA EMPRESA OFERENTE

Nome ou razón socialNIF/CIF.....

- 1.-
- 2.-
- 3.-

En a de de 2015

Asdo:

Nota: As opcións A e B son incompatibles entre si, sinala soamente a que corresponda.”

B) “PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA DE PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2015


1. OBXECTO

O Presente prego ten por obxecto a definición das condicións e características técnicas que definirán a execución do servizo de rozas de pistas de diversas parroquias do termo municipal durante a anualidade de 2015.

2. XUSTIFICACIÓN DO CONTRATO

A obriga de mantemento e conservación das pistas municipais e das condicións de seguridade vial na circulación correspóndelle ao Concello.

A roza ten como fin evitar o efecto prexudicial que a vexetación ocasiona nas pistas de titularidade municipal, non só á vida do firme, polo feito de impedir unha rápida evacuación das augas, senón tamén polas graves dificultades que orixina ao tránsito como consecuencia da redución de visibilidade que ocasiona.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

Por tanto, é necesario acometer os traballos de roza, co obxecto de proceder á eliminación da vexetación herbácea e arbustiva que medra tanto nas gabias como nas zonas contiguas.

Debido á gran lonxitude do conxunto de pistas do Concello de Lugo, é precisa a contratación destes traballos.

3. DESCRICIÓN DO SERVIZO

Consiste na roza mecánica ou manual de maleza polas dúas marxes, atinxindo a paseos, gabias e noiros contiguos, ben en terraplén ou en desmonte e mesmo a pólas de árbores ata obter un gálbo libre mínimo de 5,00 m en todo o ancho da estrada ou camiño.

A altura máxima de calquera tipo de vexetación, despois da sega, non deberá superar nunca os 7 cm.

Ademais das pistas, tamén se actuará naqueles elementos que indiquen o Responsable do Contrato ou ben o Concelleiro de Infraestruturas e Zona Rural (explanadas, etc.)

O servizo executarase de xeito que cause o menor transtorno posible aos usuarios das vías. En todo caso, o contratista estará obrigado a manter a sinalización permanente regulamentaria namentres duren os traballos ou riscos derivados. Adoptaranse cantas medidas sexan necesarias para evitar que pequenas pedras saian despedidas e poidan causar lesións ou danos a persoas ou cousas.

Os traballos realizaranse por treitos de como máximo 2 km, e deberá haber sinalización de preaviso nos inicios, no remate e de cada 500 m.

Os días de néboa, chuva intensa, etc. nos que as condicións de visibilidade non sexan as axeitadas, deberán suspenderse os traballos que supoñan perigo para o tráfico rodado.

Deberán adoptarse as pertinentes medidas de seguridade e saúde no traballo.

4. PREZO DO CONTRATO

Para a determinación do prezo estimado do contrato, establécese como compoñente básico da prestación o metro lineal de pista efectivamente rozado en ambas marxes segundo se indica no parágrafo seguinte.

Estímase un orzamento máximo de 105.000 euros mais o 21% de IVE (22.050 euros), polo que o prezo total máximo ascende a 127.050 euros, IVE incluído.

O prezo por quilómetro de roza é de 150 €/km máis o 21% IVE (31,50 euros) e o número máximo considerado de quilómetros é de 700.

Esta estimación de quilómetros fíxase exclusivamente para os efectos de consignación orzamentaria. A empresa adxudicataria en ningún caso terá dereito ao aboamento da totalidade dos quilómetros previstos, senón unicamente aos axeitadamente rozados ao abeiro deste contrato.

5. PRESTACIÓNS DO CONTRATO

O Contratista adxudicatario para executar os traballos de roza mecánica terá que dispór dun **mínimo de OITO (8) tractores** de dobre tracción e potencia non inferior a 90 CV, en bó estado de conservación. Asemade, irán dotados de máquina de

brazo ou combinada brazo-terra e dos elementos de sinalización e seguridade regulamentarios.

O contratista deberá presentar, durante a fase de concurso, documentación que acredite a disponibilidad de oito tractores destas características.

Os traballos incluírán todas as actuacións precisas para o corte e trituración da vexetación por medios mecánicos, eliminación de pólas, limpeza posterior da vía e das gabias, de xeito que quede un gálibo libre de 5,00 m en todo o ancho da vía. Unha vez finalizado, a vía debe quedar en perfectas condicións de presenza e uso.

O contratista está obrigado, durante ou prazo de execución deste contrato, a ter permanentemente (en xornada habitual de traballo) e de forma inmediata a disposición do Concello e en condicións de funcionamento todos os medios materiais (tractores) e persoais esixidos neste prego. E, se é o caso, os ofertados para que de modo simultáneo se realicen os traballos obxecto deste contrato.

Para tal efecto **o Responsable do Contrato, ou ben o Concelleiro de Infraestruturas e Zona Rural, darán a coñecer á empresa, cunha antelación dunha semana, o plan de traballo, indicando lugar de actuación, quilómetros estimados, etc.**

Do mesmo xeito, semanalmente, a empresa contratista comunicará ao Responsable do Contrato os traballos executados.

O contratista estará en posesión de seguro de responsabilidade civil para eventuais danos a terceiros. Tamén terá os vehículos convenientemente asegurados para a súa circulación e traballos na vía pública, tendo ou seu cargo a adopción de todas cantas medidas fosen precisas para garantir a execución dos traballos nas debidas condicións de seguridade para os traballadores e para os usuarios das infraestruturas. Asemade, será obriga do contratista garantir as condicións de circulación e seguridade vial para os usuarios das infraestruturas viarias.

Como documento Anexo, acompáñase o ESTUDO BASICO DE SEGURIDADE E SAÚDE que prescribe o apartado 2 do artigo 4 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de Outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

6. PRAZO DE EXECUCIÓN

A execución deste contrato terá lugar entre o 15 de xuño e o 11 de setembro de 2015.

7. ABONO

O abono dos traballos realizarase contra factura mensual presentada pola empresa, que será abonada unha vez efectuados os controis regulamentarios correspondentes e conformada polo Responsable do Contrato, o Concelleiro Delegado de Infraestruturas e Zona Rural e máis pola Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

8. RÉXIME DE PENALIDADES.

8.1 Procedemento para a imposición de penalidades.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x220190330

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-5-2015

A penalidade será imposta ao Contratista, logo de audiencia a este por prazo de dez días hábiles, previo informe do Responsable do Contrato, polo Órgano de Contratación, sen prexuízo dos posteriores recursos que poida interpoñer nos termos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e demais disposicións de aplicación.

O importe da penalidade será descontado na primeira factura presentada con posterioridade á imposición da penalidade.

8.2 Infraccións e penalidades.

a) Leves:

- Non manter a sinalización, balizamento ou medidas de protección necesarias.
- Orixinar molestias innecesarias á veciñanza.
- Non retirar os materiais sobrantes, ou realizar os traballos sen a limpeza aconsellable.
- Utilización de vehículos non autorizados ou en mal estado de conservación exterior.
- A execución de forma incorrecta dun tramo ou parte del, implicará a nova execución da devandita parte defectuosa, con cargo ao contratista.
- Tamén se consideran infraccións leves todas aquelas actuacións cometidas polo adxudicatario que, implicando falta de calidade na prestación, supoñan que esta non se realiza de acordo coas estipulacións do contrato.

b) Graves.

- A non realización do servizo no prazo ordenado para o seu comezo.
- A utilización de elementos materiais ou persoais sen autorización expresa.
- Ocultamento ou falseamento de información que sobre controis e partes de traballo.
- A realización das prestacións en forma defectuosa, con repercusión para a seguridade e salubridade.
- O abandono do servizo por causas non xustificadas por un prazo de ata catro días.

c) Moi graves.

- Desacato ás ordes do Responsable do Contrato ou do Concelleiro de Infraestruturas e Zona Rural.
- O abandono do servizo por causas non xustificadas durante cinco ou máis días.
- Aqueles incumprimentos que se produzan por negligencia grave e mala fe así como todos aqueles que se consideren así especificamente neste Prego.
- Non dispoñer dos medios materiais esixidos neste Prego

d) Penalidades.

Á proposta do Responsable de Contrato, segundo a seguinte escala:

- Penalidade por infracción leve: ata 50 euros.
- Penalidade por infracción grave: entre 51,00 e 500,00 euros.
- Penalidade por infracción moi grave: entre 501,00 e 2.000,00 euros ou resolución do contrato.

8.3 Causas de resolución do contrato:



- As faltas moi graves poden ser motivo de incoación de expediente de resolución contractual.
- As demais establecidas no artigo 223 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.”

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 127.050 euros con cargo á aplicación 45910.21000 do vixente Orzamento xeral de 2015 (RC 14176).

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 157 e seguintes do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

